

A C T A 9/2022

SESIÓN EXTRAORDINARIA PLENO MUNICIPAL

- 9 DE SETEMBRO DE 2022 -

Na Casa do Concello, a nove de setembro de dous mil vinte e dous, reúnen-se en primeira convocatoria as/os señoras/es concelleiras/os que se relacionan a continuación, baixo a presidencia do sr. alcalde, D. Rafael C. Sisto Edreira, co obxecto de celebrar a sesión ordinaria correspondente ao día da data, para a que foron debidamente convocadas/os.

ASISTENTES:

Alcalde:

D. Rafael Carlos Sisto Edreira

Concelleiras/os:

D. Xosé Ignacio Igrexas Vilar

D.^a María López Álvarez

D. José Manuel Guerra Calvelo

D. Antonio Reyes Sánchez Crespo

D.^a María Vázquez Rey

D.^a María Dolores Nariño Facal

D.^a María Teresa Castro Framil

D.^a Lucía Calvo de la Uz

D.^a Margarita Rosende Domínguez

D.^a Uxía Lemus de la Iglesias

D. Roberto Moñino Gil

D.^a María Josefa Argibay da Silva

D. José Manuel Elías Noya

D.^a Carmen Diéguez González

Non asiste, previa escusa:

D.^a Iria Otero Romero

D.^a Patricia Castelao Ferreiro

Secretaria acctal.:

M. Elena Sueiro Fernández

ORDE DO DÍA:

1.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE FESTIVOS LOCAIS 2023

2.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE CASACIÓN CONTRA A SENTENZA DO TSXG, DE 8 DE XULLO DE 2022, P.O. 7724/2021, DESESTIMATORIA DO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO INTERPOSTO CONTRA A RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS DO 17 DE AGOSTO DE 2021.

Co quórum establecido polas disposicións legais vixentes para a válida constitución do Pleno, o sr. alcalde, sendo as nove horas declara público e aberto o acto.

O sr. alcalde desculpa a ausencia da portavoz do BNG D.^a Patricia Castelao Ferreiro así como a da concelleira D.^a Iria Otero Romero.

1.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE FESTIVOS LOCAIS 2023

O sr. alcalde sinala que, ao tratarse dun asunto non ditaminado, resulta preciso ratificar a súa inclusión na orde do día. A razón fundamental deste pleno extraordinario é que non hai pleno en agosto, pero os prazos administrativos seguen correndo.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde da conta da proposición da Alcaldía de 6 de setembro de 2022, que se recolle a continuación:

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

Asunto: Aprobación dos Festivos Locais do Concello de Teo para o ano 2023

Visto o disposto nos arts. 37.2 do Estatuto dos traballadores e no 46 do Real Decreto 2001/1983, do 28 de xullo referente a determinar os dous días que neste Concello teñen carácter de festas locais para o ano 2023.

Vista a tradición deste Concello, que vén fixando dende hai moitos anos como festas locais os días da Ascensión e do San Martiño, e tendo en conta que no vindeiro ano 2023 este último día coincide nun sábado.

Considerando a necesidade de remitir de forma inmediata á Xunta de Galicia o acordo referido aos Festivos Locais para anualidade 2023, e tendo en conta que no mes de agosto non houbo Pleno ordinario, e que o vindeiro Pleno desta natureza non terá lugar ata o 28 de setembro de 2022, formúlase a presente proposición, ao abeiro dos artigos 82.3 e 97.2 do ROF, e 31.2 do ROM.

En consecuencia co anteriormente exposto, propono ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Aprobar como festivos locais do Concello de Teo para o ano 2023 os seguintes días:

- 21 de febreiro (Martes de Entroido)

- 18 de maio (A Ascensión)

Segundo.- Dar traslado deste acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade.”.

Como xa indicou na Xunta de Portavoces, o Sr. Alcalde sinala que os días tradicionais son o día da Ascensión e o San Martiño. Como no 2023 o San Martiño cae en sábado o tradicional é recorrer ao San Xoan, que tamén cae en sábado, por iso se recorre ao Martes de Entroido.

Non se suscita debate.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con quince votos a favor (3 Son de Teo, 7 PP, 4 PSdeG-PSOE e 1 BNG), acorda:

Primeiro.- Aprobar como festivos locais do Concello de Teo para o ano 2023 os seguintes días:

- 21 de febreiro (Martes de Entroido)

- 18 de maio (A Ascensión)

Segundo.- Dar traslado deste acordo á Xefatura Territorial da Consellería de Emprego e Igualdade.

2.- PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA DE INTERPOSICIÓN DE RECURSO DE CASACIÓN CONTRA A SENTENZA DO TSXG, DE 8 DE XULLO DE 2022, P.O. 7724/2021, DESESTIMATORIA DO RECURSO CONTENCIOSO-ADMINISTRATIVO INTERPOSTO CONTRA A RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE PLANIFICACIÓN ENERXÉTICA E RECURSOS NATURAIS DO 17 DE AGOSTO DE 2021.

O sr. alcalde sinala que, ao tratarse dun asunto non ditaminado, resulta preciso ratificar a súa inclusión na orde do día. O sr. Alcalde expón o contido da proposición e os motivos polos que se inclúe na orde do día sen ditaminar. Na Comisión informativa de seguimento da canteira todos estaban de acordo en interpor este recurso de casación que se trae neste punto.

Sometida a votación, o Pleno da Corporación, por unanimidade dos seus membros presentes, acorda ratificar a inclusión do asunto na orde do día, de acordo cos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

O sr. alcalde da conta da proposición da Alcaldía de 6 de setembro de 2022, que se recolle a continuación:

“PROPOSICIÓN DA ALCALDÍA

ASUNTO.- Recurso de casación contra a sentenza do TSXG, de 8 de xullo de 2022, PO 7724/2021, desestimatoria do recurso contencioso-administrativo interposto contra a Resolución da Dirección xeral de planificación enerxética e recursos naturais do 17 de agosto de 2021.

Considerando que o Pleno da Corporación, na sesión ordinaria de 27 de outubro de 2021, acordou interpor, perante a sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, recurso contencioso-administrativo contra a Resolución da Dirección xeral de Planificación Enerxética e Recurso Naturais da Xunta de Galicia, de 17 de agosto de 2021, pola que se declara a necesidade de ocupación dun ben necesario para o desenvolvemento dos traballos na concesión de explotación “Casalonga” núm. 6996, no termo municipal de Teo da Provincia da Coruña (Rex. Sir nº entrada 1398).

Vista a sentenza da Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (sección 3ª), ditada no procedemento ordinario 7724/2021, de 8 de xullo de 2022, que desestima o recurso contencioso-administrativo interposto (rex. entrada nº 4466).

Visto o informe do servizo de asistencia xurídica, do 1 de setembro de 2022, que se reproduce a continuación.

“INFORME XURÍDICO

En cumprimento do interesado polo Sr. alcalde do Concello de Teo, emitimos este informe en relación coa posibilidade de recorrer en casación contra a sentenza ditada pola Sala do Contencioso-Administrativo do TSXG (Sección 3ª) no procedemento ordinario nº 7724/2021, con data 8.7.2022, notificada a esta parte o 13.7.2022. O prazo para interpoñer o recurso conclúe o vindeiro día 13 de setembro de 2022.

ANTECEDENTES

1. A sentenza desestima o recurso contencioso-administrativo interposto polo Concello de Teo contra a resolución da Dirección xeral de planificación enerxética e recursos naturais do 17 de agosto de 2021 que declara a necesidade de ocupación do terreo correspondente a un camiño de uso público xeral polo que se pretende acceder á explotación mineira

Casalonga, da que na actualidade é titular a sociedade mercantil “Toysal, SL”. Por razóns de brevidade, en canto á fundamentación da decisión desestimatoria, remitímonos ao contido da sentenza.

2. A fundamentación xurídica que, ao noso ver, posibilitaría o escrito de preparación de interposición do recurso, é a seguinte, en cumprimento do artigo 89 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa:

Primeiro. Cumprimento dos requisitos relativos ao prazo, lexitimación e recurribilidade da resolución

A antedita sentenza é recurrible en casación consonte o artigo 86.1 LXCA, escrito de preparación preséntase dentro do prazo de trinta días e o Concello de Teo, como parte actora, está lexitimado para interpoñer o recurso (artigo 89.1 LXCA).

Segundo. Identificación das normas ou xurisprudencia alegadas no proceso que se consideran infrinxidas

Aa noso xuízo, a sentenza que impugnamos infrinxe as seguintes normas e doutrina xurisprudencial que alegamos nos nosos escritos de demanda e conclusións:

1º. O artigo 34 da Lei 39/2015, do 1º de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas (en diante, LPAC), xa que o órgano administrativo autor do acto impugnado -a Dirección xeral de Planificación enerxética da Consellería de Economía- carecía de competencia para dictar a resolución de necesidade de ocupación dos bens interesados, competencia que lle corresponde á persoa titular da antedita consellería segundo o artigo 16 da Lei 3/2008, de ordenación da minaría de Galicia (en diante, LMG). A sentenza non analiza o motivo por nós invocado de insuficiencia do acto de delegación e por conseguinte, de que a resolución impugnada foi ditada por órgano manifestamente incompetente, nin razoa sequer minimamente como chega á conclusión contraria.

2º. O devandito artigo 34 LPAC en relación co 18 da Lei do 16 de decembro de 1954 sobre expropiación forzosa (en diante, LEF) e co 21 LMG, por incumprimento do trámite de información pública ao omitirse a publicación do anuncio no Boletín oficial do Estado; e da doutrina xurisprudencial recaída sobre esta cuestión da que son exemplo as sentenzas da Sala Terceira do Tribunal Supremo do 12 de xuño de 2012 (rec. nº 4179/2009) e 4 de xullo de 2019 (rec. nº 220/2018). A primeira delas di:

“En efecto, ya declaró esta misma Sala y Sección, entre otras, en las sentencias de 28 de marzo de 2012, dictada en el recurso 1679/2009 y en la sentencia de 13 de abril de 2011, dictada en el recurso 6096/2007, que, como criterio general, la omisión del trámite de información pública comporta la nulidad del procedimiento expropiatorio, por aplicación del artículo 62.1.e) de la Ley de Régimen Jurídico de las Administraciones Públicas y del Procedimiento Administrativo Común; lo que comporta, en pura técnica jurídica, calificar el procedimiento expropiatorio en tales supuestos como auténtica vía de hecho [pues] cuando se omite un trámite esencial...”.

3º. O devandito artigo 34 LPAC en relación co 105 da Lei 22/1973, do 21 de xullo, de minas (en diante, LM), e 21 LMG xa que o ben do que se declarou a necesidade de ocupación non figuraba incluído no proxecto que lle serviu de base ao otorgamento da concesión mineira nin nos plans inicial ou anuais aos que se refire o antedito artigo 105.dous LM.

Terceiro. Relevancia das infraccións invocadas

As infraccións por nós invocadas son relevantes xa que determinan o sentido da sentenza impugnada e a argumentación que esta contén –dito sexa cos debidos respectos- é insuficiente e errónea xa que:

- a) Non parece admisible que o pé de recurso administrativo ofrecido pola resolución xustifique a competencia do órgano que a dicta
- b) Nin a publicación do anuncio de información pública no DOG é apropiada *“...dado el ámbito territorial que interesaba...”*. Como sostén a sentenza, `porque non é ese o criterio sinalado polas disposicións legais aplicables.

c) Afirmar simplemente que “... la resolución de 17.8.21 declaró la necesidad de ocupar los terrenos requeridos, tras examinar su ubicación y procedencia a los fines perseguidos, que era lo que formalmente procedía” tampouco é correcto, cando do artigo 105 LM en relación cos 18 e 21 LMG conclúese que os bens cuxa necesidade de ocupación se solicite deben estar incluídos no proxecto inicialmente aprobado que serviu de base á concesión ou nos plans anuais previstos nos artigos 68 e 70 LM, presuposto que non concorre no noso caso.

Cuarto. As normas infrinxidas forman parte do dereito estatal

Tanto o artigo 34 LPAC como o 18 LEF e 105 LM son normas que forman parte do dereito estatal.

Quinto. Interese casacional obxectivo (artigo 88.2.c e 88.3.a LXCA)

1º. A doutrina recollida na sentenza e por nós combatida é susceptible de afectar a un gran número de situacións (artigo 88.2.c LXCA) e trascende do caso concreto debatido no proceso:

a) Por unha banda interpreta de xeito tan laxo o acordo de delegación de competencias nun órgano administrativo inferior, que vulnera o requisito básico da competencia como presuposto de todo acto administrativo.

b) Por outra, desnaturaliza a esencia do trámite de exposición ao público da declaración de necesidade de ocupación ao prescindir do requisito legal de publicación do anuncio no Boletín oficial do Estado, invocando un argumento que non está respaldado por ningunha norma legal.

c) Finalmente, facilita a posibilidade de ampliar a necesidade de ocupación de bens derivada da explotación dun dereito mineiro sen esixir que concurren os requisitos esixidos imperativamente pola normativa legal.

2º. Ao noso xuízo non existe doutrina xurisprudencial establecida sobre a aplicación do artigo 105.3 en relación cos 60 a 70 LM (artigo 88.3.a LXCA), isto é, en concreto, sobre o requisito de que a ampliación posterior da

relación de bens de necesaria ocupación como consecuencia da concesión mineira esixe a aplicación do plan anual correspondente.

CONCLUSIÓN

Polo exposto, aconsellamos interpoñer recurso de casación contra a sentenza devandita.

SANTIAGO DE COMPOSTELA, 1º de setembro de 2022”.

Considerando que, de acordo co establecido no artigo 9 do R.D. 1372/1986, do 13 de xuño, polo que se aproba o Regulamento de Bens das Entidades Locais, e artigo 220 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, estas teñen a obriga de exercer as accións necesarias para a defensa dos seus bens e dereitos, debendo adoptarse os citados acordos previo ditame do Secretario ou, no seu caso, da Asesoría Xurídica.

Considerando a necesidade de axustarse aos prazos para a interposición do recurso, e tendo en conta que no mes de agosto non houbo Pleno ordinario e que vindeiro Pleno desta natureza non ten lugar ata o 28 de setembro de 2022, a presente proposición fórmulase ao abeiro dos artigos 82.3 e 97.2 do ROF e 31.2 do ROM.

En virtude do exposto, e de acordo co establecido no artigo 22. 2 j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladoras das bases do réxime local, proponse ao Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

Primeiro.- Interpor recurso de casación contra a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 8 de xullo de 2022 (PO 7724/2021), que desestima o recurso contencioso-administrativo interposto contra a Resolución da Dirección xeral de Planificación Enerxética e Recurso Naturais da Xunta de Galicia, de 17 de agosto de 2021 (rex. entrada nº 4466).

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao servizo de asesoría xurídica, para o seu coñecemento e efectos oportunos.”.

Aberta a quenda de intervencións o sr. Alcalde concede a palabra á sra. Diéguez, concelleira do BNG, que indica que haberá que intentar por tódolos medios reverter esta sentenza, e que a pista ten que ser municipal.

A sra. Lemus, voceira do PSdG-PSOE, expón o seu total apoio a este recurso, e indica que o único que os diferencia é a diferente consideración da importancia da pista municipal, máis importante para uns e menos para outros. Quere facer dúas preguntas, a primeira si se estudou a idea do recurso civil pola propiedade da pista da canteira, e segundo, si se vai presentar contencioso contra o Plan de restauración, que era o outro aspecto que quedaba pendente. O sr. Alcalde resposta que para os avogados todo o mes de agosto é inhábil e están de vacacións, polo que non se avanzou no recurso contra o Plan de Restauración por falta de tempo. Continúa sinalando que consideraban máis urxente estudar a viabilidade do recurso civil e que os avogados quedaron en contestar a semana que ven.

O sr. Alcalde concede a palabra ao PP, expoñendo a sra. Calvo que despois de analizar a situación, e por coherencia, que cando o sr. Alcalde plantexou aquí o tema do contencioso administrativo, que ía ser unha fuxida adiante e unha perda de recursos, ao non ter a pista da canteira e ser os argumentos moi frouxos. Hai que ser realistas. Ao seu grupo xa lle gustaría que a pista fose municipal, pero desgraciadamente a situación é outra. Recórdalle ao sr. alcalde que el mesmo en sesión plenaria recoñeceu que non tiña o título. Consideran que para recorrer hai que ter algo, xa que non fixo caso a última vez, hai que ter polo menos a esperanza ou algo que sosteña o recurso. Indica que o sr. Alcalde comezou dicindo que non sabía si o ían admitir a trámite, e que desde logo o seu grupo non quere entorpecer, e por eso van votar abstención, porque ata o gabinete xurídico lles dixo que non hai moita posibilidade.

O sr. Alcalde quere facer un par de aclaracións. Expón que está seguro de que todos teñen o absoluto convencemento de que o proceso de expropiación, independentemente da titularidade, estivo mal feito administrativamente, esa foi a razón pola que se puxo o contencioso no seu momento. É certo que o TSXG non nos deu a razón, pero seguen a pensar que o proceso de expropiación estivo mal feito, e pos iso se presenta o recurso de casación, aínda sabendo que o recurso de casación non entra no fondo da situación si non se admite, e hai tres ou catro causas polas que o recurso de casación se pode admitir a trámite, polo que poden non admitilo. Pero é algo que deberíamos facer por coherencia co que sempre defendemos, nunca dixemos que tiveramos o título de propiedade, igual que non temos o título de propiedade en ningunha estrada, pero seguimos pensando que esa é unha estrada pública, e o imos a defender si encontramos un argumento xurídico convincente que nos permita ter posibilidades de ganar nun tribunal civil, que é o outro tipo de procedemento que preguntaba a sra. Lemus si se ía facer, e que é o que aínda están valorando os avogados.

Rematado o debate e sometido o asunto a votación, o Pleno da Corporación, con oito votos a favor (3 Son de Teo, 4 PSdeG-PSOE e 1 BNG) e sete abstencións (7 PP), acorda:

Primeiro.- Interpor recurso de casación contra a sentenza do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de 8 de xullo de 2022 (PO 7724/2021), que desestima o recurso contencioso-administrativo interposto contra a Resolución da Dirección xeral de Planificación Enerxética e Recurso Naturais da Xunta de Galicia, de 17 de agosto de 2021 (rex. entrada nº 4466).

Segundo.- Dar traslado do presente acordo ao servizo de asesoría xurídica, para o seu coñecemento e efectos oportunos.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo as nove horas e quince minutos, de orde da Presidencia, levántase a sesión, da que se estende a presente acta, do que eu, secretaria, dou fe.

O alcalde

A secretaria acctal.,

Rafael C. Sisto Edreira

M. Elena Sueiro Fernández